

PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Presentamos neste documento os requisitos que debe cumprir o alumnado para promocionar (pasar de curso) e para titular (obter o título da ESO ao finalizar o 4º curso).

1. PROMOCIÓN DE CURSO (1º, 2º e 3º ESO).

As condicións de promoción no IES Ramón Caamaño acóllense ao establecido na ORDE do 25 de xaneiro do 2022, que actualiza a normativa de avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria:

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa en unha ou dúas materias. Entrarán no cómputo as materias non superadas do propio curso e tamén as materias pendentes de cursos anteriores.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a con tres materias suspensas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d. Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

2. TITULACIÓN (4º ESO)

As condicións de titulación no IES Ramón Caamaño acóllense ao establecido na ORDE do 25 de xaneiro do 2022, que actualiza a normativa de avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria:

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a titulación dun alumno/a con unha ou dúas materia suspensas, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a ou adquirise as competencias establecidas.
- c. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a ou alcanzase os obxectivos da etapa.
- d. Que non exista situación de abandono nas materias non superadas.